

&gt; A CIDADE DE FERROL PROTAGONIZA ALGÚNS DOS SEUS MELLORES VERSOS

# A singular voz de Xohana Torres

A escritora leva unha vida retirada dos círculos literarios e das festas poéticas

É unha das voces poéticas máis singulares e destacadas da poesía galega. Pola súa autenticidade, pola visión poética da realidade, pola maneira sinxela de expresar sensacións profundas. «Poetas son aqueles que senten unha verdade e sábena dicir», dixo nalgún intre a nosa poeta, sen saber que esta frase podería servir para calificar a súa poética. É cuestión, pois, de sentir e de dicir, de sensibilidade e de destreza coas palabras. O que a súa poesía nos ofrece.

Xohana Torres naceu en Santiago (1931), viviu a súa infancia e xuventude en Ferrol, e a reconcentrada madurez en Vigo. Na gran cidade do sur galego leva Xohana unha vida de silencios e de intimidade, retirada dos círculos literarios e das festas poéticas, dedicada á súa vida interior, ao seu mundo persoal. Ata sabemos moi pouco da súa biografía por esa mesma razón. Case non hai fotos dela, nin entrevistas nos xornais, nin aparicións neste ou naquel acto social. Non obstante, a xente da literatura e os bos lectores coñecen os seus libros e ven como a súa poesía medra cada día que pasa para situarse nun lugar destacado da literatura galega de sempre.

> **Xosé A. Ponte Far**

KOPA

A poeta, o día que leu o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega

## A traxectoria

### Obras

—*Do sulco* (poesía), 1957, editorial Galaxia  
 —*A outra banda do Iberr* (teatro), 1965, editorial Galaxia.  
 —*Un hotel de primeira sobre o río* (teatro), 1968, editorial Galaxia.  
 —*Polo mar van as sardiñas* (literatura infantil e xuvenil), 1967, editorial Galaxia.  
*San Andrés de Lonxe, mitos e ritos* (ensaio), 1971, Deputación da Coruña.  
 —*Estacións ao mar* (poesía), 1980, editorial Galaxia.  
 —*Pericles e a balea* (literatura infantil e xuvenil), 1989, editorial La Galera.  
 —*Adiós, María* (Narrativa), 1989, editorial Galaxia.  
 —*Tempo de ría* (poesía), 1992, Espiral Maior.  
 —*Ferrol, corazón de navío* (poesía), 2001, A Nosa Terra.  
*Homenaxe a Carvalho Calero* (poesía), 2002, editorial Galaxia.  
*Poesía reunida (1957-2001)* (poesía), 2004, Danú Editorial.

### Premios

—1968: Premio Castelao de Teatro  
 —1970: Premio Galicia do Centro Galego de Bos Aires  
 —1971: Premio de Etnografía da Deputación da Coruña  
 —1972: Pedrón de Ouro  
 —1981: Premio da Crítica española  
 —1992: Premio a Creación Feminina. Xunta de Galicia  
 —O 27 de outubro do 2001 leu o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega baixo o título *Eu tamén navegar*.

### O Premio Xohana Torres de investigación

Foi creado pola Concellería da Muller de Santiago no ano 1992 co obxecto de estimular a investigación que contribúa ao coñecemento da biografía, dos feitos da vida e da historia das mulleres galegas tanto no territorio da Galicia interior como exterior, e relativos tanto ao noso pasado como ao noso presente. Coa denominación Xohana Torres, o premio rende homenaxe ao infatigable labor da egregia poetisa, narradora, e dramaturga a prol da dignificación da condición feminina a través da cultura e o cultivo da palabra. Este ano foi convocada a 14.<sup>a</sup> edición. No premio poderán participar todas as mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación. O prazo para a presentación de traballos remata o vindeiro 31 de decembro. Para saber máis: [http://www.santiagodecompostela.org/medi/tramites/convocatorias/concursos\\_e\\_premios\\_culturais/\\_bases\\_premio\\_xohana\\_torres.pdf](http://www.santiagodecompostela.org/medi/tramites/convocatorias/concursos_e_premios_culturais/_bases_premio_xohana_torres.pdf)

*Está en portas o inverno e miro a praia  
 por verte vir de aló. (Escoitar cómo chove  
 e o concerto do mar). É xa nada  
 permanecer aínda polas últimas pontes  
 para recobrar un aire, as voces mansas.*

*Sobre min depositas unha visión final  
 que confunde a túa imaxe coa poalla  
 neste vello país explorado da néboa:  
 Xusto agora, a chuvía vertical  
 e xa non testificas. Qué absoluta tristeza.  
 Quixera reclamarte, invitarte de novo,  
 calquera motivo serve: un vento simple,  
 a auga que me molla, unha doce palabra...*

*Comprendo que xa é tarde.  
 Non se paran as horas nin se derraman salvas  
 nas altísimas torres. As fábulas de antonte,  
 se é que existen, son signos que agonizan.*

*A un paso a lontanía. Hai unha idade cumprida  
 que asegura que o tempo é xa dos outros  
 mentres remata o outono e nada pode.*

*Reverbera o teu nome no crepúsculo  
 coma unha cicatriz fundamental  
 aberta de contado a punta de coitel.*



Unha pomba no Cantón de Molíns de Ferrol, ao que Torres dedicou algún dos seus versos

JOSÉ PARDO